

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de 15 minutos.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán 0,50 puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán 0,125 puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun X ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que enchese por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folia autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. De acordo co disposto no Estatuto de Autonomía de Galicia, unha das funcións do Parlamento de Galicia é:

- A) Elixir, de entre os seus membros, aos Conselleiros da Xunta de Galicia.
- B) Esixir responsabilidade política e económica ao Senado.
- C) Exercer a potestade lexislativa da Comunidade Autónoma.
- D) Exercer a potestade executiva da Comunidade Autónoma.

2. A Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, establece que cando os datos persoais sexan obtidos directamente do afectado, o responsable do tratamento facilitará, alomenos, a seguinte información básica:

- A) A identidade do responsable do tratamento e do seu representante, no seu caso.
- B) A finalidade do tratamento.
- C) A posibilidade de exercer os dereitos establecidos nos artigos 15 a 22 do Regulamento (UE) 2016/679.
- D) Todas son correctas.

3. De conformidade coa Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, NON forma parte das retribucións básicas:

- A) O soldo.
- B) Os trienios.
- C) O complemento específico.
- D) As pagas extraordinarias.

4. Segundo o disposto no artigo 5 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, o persoal estatutario clasifícase atendendo a:

- A) A función desenvolvida, ao nivel do título máis alto que posúe o traballador e ao tipo do seu nomeamento.
- B) A función desenvolvida, a situación administrativa e ao título esixido para o ingreso.
- C) A función desenvolvida, ao nivel do título esixido para o ingreso e ao tipo do seu nomeamento.
- D) O nivel do título que posúe o traballador, a situación administrativa e o tipo de nomeamento.

5. De conformidade coa normativa de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, nun concurso-oposición, a puntuación máxima da fase de concurso NON poderá exceder de:

- A) O corenta por cento da puntuación máxima acadable no proceso selectivo.
- B) O corenta por cento da puntuación máxima acadable na fase de oposición.
- C) O trinta por cento da puntuación máxima acadable no proceso selectivo.
- D) O trinta por cento da puntuación máxima acadable na fase de oposición.

6. De conformidade co artigo 30 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia, o Sistema Público de Saúde de Galicia é:

- A) Un sistema totalmente independente do Sistema Nacional de Saúde.
- B) Parte integrante do Sistema Nacional de Saúde.
- C) Un sistema independente que debe coordinarse co Sistema Nacional de Saúde en materia de sanidade exterior.
- D) Un sistema independente que debe coordinarse co Sistema Nacional de Saúde en materia de saúde pública.

7. Seleccione o contido do artigo 14 da Constitución Española:

- A) O dereito á intimidade persoal e familiar.
- B) Todos teñen dereito á vida e á integridade física e moral, sen que, en ningún caso, poidan ser sometidos a tortura nin a penas ou tratos inhumanos ou degradantes.
- C) Os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- D) Toda persoa ten dereito á liberdade e á seguridade.

8. Indique cal das seguintes opcións é correcta. Segundo o disposto na Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia, as unidades básicas de prestación de servizos sanitarios son:

- A) As zonas sanitarias.
- B) As áreas sanitarias.
- C) As xerencias de xestión integradas.
- D) Os distritos sanitarios.

9. Segundo a Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade, quen son titulares do dereito á protección da saúde e á atención sanitaria?

- A) Exclusivamente os cidadáns españois.
- B) Todos os españois e os cidadáns estranxeiros que teñan establecida a súa residencia no territorio nacional.
- C) Os estranxeiros terán garantido tal dereito exclusivamente na forma que establezan os tratados internacionais.
- D) Dependerá da lexislación de desenvolvemento de cada unha das comunidades autónomas.

10. A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, establece que se consideran formas de violencia de xénero:

- A) A violencia física, a violencia psicolóxica, a violencia económica, a violencia sexual e o acoso sexual, entre outras.
- B) A violencia física, a violencia psicolóxica, a violencia sexual e o acoso sexual, pero non existe a violencia económica.
- C) Só a violencia física, a violencia psicolóxica e a violencia sexual, todos os demais supostos non se consideran formas de violencia de xénero.
- D) Só se considera violencia de xénero a violencia sexual e a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual. Os demais supostos son casos de violencia social, non de xénero.

Preguntas de reserva

1. Segundo a Constitución Española, un dos principios reitores da política social e económica é:

- A) Os poderes públicos aseguran a protección social, económica e xurídica da familia.
- B) A lei garantirá o dereito á negociación colectiva laboral entre os representantes dos traballadores e empresarios.
- C) A lei regulará as peculiaridades propias do réxime xurídico dos Colexios Profesionais e o exercicio das profesións tituladas.
- D) Recoñécese o dereito á folga dos traballadores para a defensa dos seus intereses.

2. Indique cal das seguintes respostas é certa respecto da provisión de persoal conforme ao establecido no Decreto 206/2005, de 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde:

- A) Son sistemas de provisión de prazas, entre outros, a comisión de servizos, a mobilidade e a promoción interna.
- B) Para participar nun concurso de traslados é preciso atoparse en situación de servizo activo e ter tomado posesión, alomenos dous anos antes.
- C) Os procedementos anuais de mobilidade voluntaria estarán abertos ao persoal estatutario fixo e temporal do Servizo Galego de Saúde.
- D) A toma de posesión da nova praza deberá realizarse dentro dos 10 días hábiles seguintes ao de cesamento.